



DATOS IDENTIFICATIVOS

Mediación en conflictos e situacións de violencia

Materia	Mediación en conflictos e situacións de violencia			
Código	O05G130V01502			
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Isorna Folgar, Manuel			
Profesorado	Isorna Folgar, Manuel			
Correo-e	isorna.catoira@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Os termos "conflicto" e "violencia" están estreitamente relacionados. O conflito é inherente á persoa humana e á sociedade: o individuo é un ser en conflito e non pode deixar de sê-lo. Non obstante, non sucede o mesmo coa violencia: a violencia non está na natureza humana; senón tan só o potencial para a violencia, pero as circunstancias condicionan a realización dese potencial (Galtung, 1997). O conflito non necesariamente ten que rematar en violencia física ou verbal. O fracaso na transformación do conflito é o que conduce á violencia. A complexidade da sociedade actual está a xerar novas formas de conflito e violencia tanto nos espazos públicos como nos privados. A través do desenvolvemento dos contidos desta asignatura tentamos debater sobre os diferentes contextos de relación e socialización das persoas, identificar conflitos e situacións de violencia nos ámbitos familiar, penal xuvenil e escolar, analizando as súas causas e as respostas producidas; presentando posibles estratexias de xestión e resolución dos conflitos desde unha perspectiva positiva e creativa.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Transmitir, promover e desenvolver a cultura
B2	Xerar redes sociais, contextos, procesos e recursos educativos e sociais
B3	Intervir como mediador social, cultural e educativo
B4	Coñecer, analizar e investigar os contextos sociais e educativos
B5	Deseñar, implementar e avaliar programas e proxectos socioeducativos
B6	Xestionar, dirixir, coordinar e organizar institucións e recursos socioeducativos
C1	Integrar criticamente os supostos teóricos, filosóficos, históricos, sociolóxicos, psicolóxicos, pedagóxicos, culturais, políticos, legislativos que están na base dos procesos de intervención socioeducativa
C2	Estar capacitado/a para o diagnóstico e a mediación na prevención e resolución de conflitos en condicións de desigualdade e crises en comunidades socioeducativas

C3	Asumir e orientarse segundo valores de igualdade e de cidadanía democrática, e capacitar para a prevención e a mediación en casos de violencia nas súas diferentes manifestacións (simbólica, de xénero, laboral, escolar, sexual, étnica...)
C6	Comprender a traxectoria da educación social e a configuración do seu campo e identidade profesional, a nivel comunitario, estatal, europeo e internacional
C7	Manexar con criterio métodos e estratexias de investigación cuantitativas e cualitativas, e aplicalas ás realidades socioeducativas
C9	Desenvolver programas e proxectos no contexto familiar e escolar
C10	Desenvolver programas e proxectos no ámbito da educación especializada (menores, necesidades educativas especiais, centros de saúde, condutas adictivas, institucións penitenciarias, e persoas e colectivos en risco de exclusión...)
C18	Ter capacidade para potenciar as relacións interpersoais, desenvolver habilidades de comunicación interpersoal, solidariedade e empatía
C22	Estar comprometido coa calidade de actuación e moverse de acordo cos principios deontolóxicos do/a educador/a social
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Planificación e organización
D3	Comunicación oral e escrita na/s lingua/s materna/s con apertura a outros códigos lingüísticos, en especial, as linguas cooficiais na comunidade galega
D4	Utilización das TIC no ámbito de estudo e contexto profesional
D5	Xestión da información
D6	Resolución de problemas e toma de decisións
D7	Dominio de metodoloxías e técnicas educativas, dinamizadoras de asesoramento e orientación
D8	Capacidade crítica e autocrítica
D9	Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos doutras áreas e en distintos contextos
D11	Habilidades interpersoais
D12	Compromiso ético
D13	Autonomía na aprendizaxe
D14	Adaptación a situacións novas
D15	Creatividade
D16	Liderado
D17	Iniciativa e espírito emprendedor
D19	Compromiso coa identidade, desenvolvemento e ética profesional

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Estar capacitado/a para o diagnóstico e a mediación na prevención e resolución de conflitos en condicións de desigualdade e crise en comunidades educativas	A1	B1	C1	D1
	A4	B5	C2	D2
	A5	B6	C18	D3
			C22	D4
				D6
				D7
				D11
				D13
				D17
	Asumir e orientarse de acordo cos valores de igualdade e cidadanía democrática e capacitar para a prevención e mediación nos casos de violencia nas súas diferentes manifestacións (simbólica, de xénero, laboral, escolar, sexual, étnica...).	A2	B1	C3
A3		B4	C7	D6
				D7
				D8
				D11
				D16
				D19
Analizar e diagnosticar a realidade complexa que fundamenta o desenvolvemento dos procesos socioeducativos	A4	B3	C2	D1
	A5	B5	C7	D2
			C18	D5
				D7
				D11
				D12
				D16
				D19

Asesorar e acompañar a persoas e grupos en procesos de desenvolvemento socioeducativo.	A1 A4	B2 B3 B6	C3 C6 C7	D1 D4 D6 D8 D11 D12 D14 D16
Posuír capacidade para potenciar as relacións interpersoais, desenvolver habilidades de relación interpersoal, solidariedade e empatía.	A2 A5	B2 B3 B4	C3 C6 C7 C18	D2 D3 D6 D8 D11 D12 D15 D16 D19
Asesorar na elaboración e aplicación de plans, programas, proxectos e actividades socioeducativas encamiñados á mediación	A1 A2	B4 B5 B6	C1 C2 C3 C6 C9 C10 C18	D1 D2 D3 D5 D7 D8 D9

Contidos

Tema	
II. Técnicas e programas de Mediación e resolución de conflitos. Programas de actuación para a prevención e a erradicación da violencia para o/a Educador/a Social.	2. A Mediación: principios básicos 2.1. Aplicacións da mediación na xestión e resolución de conflitos 2.2. Técnicas de comunicación e modelos da mediación 2.3. O papel do/a educador/a Social como mediador/a
I. Marco teórico e conceptual da violencia. Tipos de violencia: violencia de xénero, sexual, escolar e laboral. Colectivos. Ciclos da violencia: fases. Epidemioloxía.	1. O conflito e a violencia 1.1. Análise do conflito e a violencia na sociedade actual 1.2. Teorías explicativas da agresividade e a violencia 1.3. Ciclos e fases da violencia 2. Aplicación da Mediación: ámbito escolar 2.1. Aproximación conceptual ao fenómeno do maltrato entre escolares 2.2. Situación nacional e internacional do maltrato entre escolares 2.3. Factores identificativos no estudo do maltrato entre escolares 3. Aplicación da Mediación: ámbito social e de parella 3.1. Conflitos nas relacións sociais 3.2. Conflitos no ámbito familiar e/ou de parella 3.3. A violencia de xénero: causas e manifestacións 4. Aplicación da Mediación: ámbito laboral 4.1. O conflito na empresa: o acoso laboral 4.2. Situación nacional e internacional do acoso laboral. 4.3. Mediación comunitaria e intercultural

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	6	0	6
Traballo tutelado	5	77	82
Presentación	8	28	36
Lección maxistral	22	0	22
Actividades introdutorias	2	0	2
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	Exercicios ou actividades que os/as estudantes desenvolven na aula baixo as directrices e supervisión do profesor/a. O seu desenvolvemento pode estar vinculado con actividades autónomas do/a estudante.

Traballo tutelado	Os/as estudantes en grupo, ou ben individualmente, elaboran un traballo practico: documento e/ou investigación sobre a temática da materia. Xeralmente trátase dunha actividade autónoma dos/as estudante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción, etc.
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o/a docente e/ou un grupo de estudantes dos resultados do traballo tutelado. Levárase a cabo en grupo ou de xeito individual.
Lección maxistral	Exposición por parte do/a profesor/a dos contidos sobre a materia obxecto de estudo.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado (detección de coñecementos previos, motivacións...), así como a presentar a materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Levarase a cabo as actividades de aula a través dunha metodoloxía participativa e aberta no que se prestará por parte da/s docentes unha atención individualizada.
Traballo tutelado	Os traballos tutelados a desenvolver fora da aula levaráanse a cabo baixo a tutela e supervisión da/s docentes da materia, dedicándose un tempo específico de tutoría grupal nas horas prácticas da materia sin que eso sexa impedimento para atender as dúbidas ou cuestións requiridas no despacho da/s docentes en horario de tutorías.
Presentación	Durante as presentación/exposicións na aula dos traballos tutelados as/os estudantes recibirán o asesoramento e o feedback oportuno sobre as súas intervencións.
Lección maxistral	Durante as sesións maxistraís se resolverán todas as dúbidas ou cuestións que xurdan sobre o tema abordado, tanto na aula durante a presentación do tema como no despacho da profesora no horario de tutorías.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado Os/as estudantes presentan o resultado obtido na elaboración dun documento sobre a temática da materia e/ou investigación. - Levarase a cabo en grupo, de forma escrita ou dixital.	35	A2 B1 C2 D1 A5 B2 C3 D2 B3 C7 D3 C9 D4 C10 D5 D6 D7 D11 D13 D14 D15 D17
Traballo tutelado As experiencias, proxectos, tarefas e traballos realizados durante o proceso de formación na aula.	25	A1 B1 C1 D1 A2 B2 C2 D2 A3 B3 C3 D3 A4 B4 C9 D4 A5 B5 C22 D5 B6 D6 D7 D8 D9 D11 D12 D14 D15 D16 D17 D19
Exame de preguntas obxectivas Realízase unha proba para a avaliación das competencias adquiridas que inclúe preguntas pechadas con tres ou catro alternativas de resposta. Os/as alumnos/as seleccionarán unha resposta entre as posibilidades. As respostas erradas puntuarán negativamente (2 mal restarán 1 ben).	40	A1 B1 C1 D1 A2 C2 D3 A3 C3 D6 A4 C6 D15 A5 C7

Outros comentarios sobre a Avaliación

ALUMNADO PRESENCIAL: Para superar a materia EN PRIMERA CONVOTORIA é necesario superar todas as probas (3 probas

descritas anteriormente).

ALUMNADO NON PRESENCIAL: Para superar a materia deberá porse en contacto ca/s profesor/a da matreria ao inicio do curso escolar. Avaliaráse en torno a dous eixes: **PROBA ESCRITA:** Realizarase unha proba para a avaliación das competencias adquiridas que inclúe preguntas pechadas con tres ou catro alternativas de resposta. Os/as alumnos/as seleccionarán unha resposta entre as posibilidades. As respostas erradas puntuarán negativamente (2 mal restarán 1 ben). **TRABALLO TUTELADO:** tratase da aplicación dun programa de intervención en mediación (laboral, escolar ou familiar) ou unha proposta de prevención. O examen puntuará o 60 % da nota e o traballo tutelado o 40 %. Para superar a materia alumnado presencial ou non presencial en SEGUNDA CONVOCATORIA (Xullo): o alumnado que aprobe algunha das partes ou probas da materia en primeira convocatoria (Xuño) se lle conservará a cualificación ata a segunda convocatoria (xullo). As probas non aprobadas serán avaliadas na mesma convocatoria. Para superara materia é necesario superar todas as probas.

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT)

DESPACHO DO PROFESOR: SEGUNDO PABILLON "OLGA GALLEG0" PRIMEIRO ANDAR DESPACHO NUMERO 11.

Data de entrega de traballos: acodarase co profesorado da materia

Datas de examen: consultar páxina web Facultade <http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Sexualidade e saúde/O05G130V01912

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Intervención en saúde e educación social/O05G130V01902

Sexualidade e saúde/O05G130V01912

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Habilidades sociais en educación social/O05G130V01404

Intervención en saúde e educación social/O05G130V01902

Outros comentarios

Esta materia forma parte do Proxecto de innovación docente da Facutlade de Educación e Traballo social".

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).
